# MARTÍN CÓDAX

## Día das Artes Galegas 2023



Trobador do Camiño. Cerámica de Sargadelos

# UNIDADE DIDÁCTICA

## Ed. Primaria


CEIP RAMÓN DE LA SAGRA, A CORUÑA
CEIP SOFÍA CASANOVA, CULLEREDO (A CORUÑA)
CEIP J. FERNÁNDEZ LATORRE, A CORUÑA
CEIP EMILIA PARDO BAZÁN, A CORUÑA
CEIP RAMÓN OTERO PEDRAYO, A LARACHA (A CORUÑA)
CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA, A CORUÑA
CEIP SALGADO TORRES, A CORUÑA



ILUSTRACIÓNS: CARLOS RODRÍGUEZ. CEIP ADR CASTELAO, ORDES (A Coruña)

XUNTA DE GALICIA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# O DÍA DAS ARTES GALEGAS

O Día das Artes Galegas é unha conmemoración instituída pola Real Academia Galega de Belas Artes no ano 2015 e que se celebra o día 1 de abril. A data escollida pola institución para exaltar e promover a creación artística galega coincide coa data inscrita nos linteis do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago como o ano da súa finalización en 1118.

Cada ano escóllese unha persoa da historia da arte galega, de cuxo pasamento deben ter transcurridos polo menos dez anos.

Mestre Mateo, o autor do Pórtico da Gloria, foi a primeira persoa recoñecida nesta celebración, e posteriormente dedicouse este Día das Artes Galegas a Castelao, Maruxa Mallo, Alejandro de la Sota, Luís Seoane, Domingo de Andrade e Laxeiro.

Este ano 2023 a figura homenaxeada é o trobador vigués Martín Códax.



O DÍA DAS ARTES GALEGAS CELÉBRASE O 1 DE ABRIL, QUE É A DATA, DO ANO 1118, QUE FIGURA NO PÓRTICO DA GLORIA COMO DÍA DE REMATE DAS OBRAS.



O TROBADOR ERA UN POETA DA IDADE MEDIA QUE CREABA COMPOSICIÓNS LITERARIAS E MUSICAIS DESTINADAS A SER CANTADAS PRINCIPALMENTE POLOS XOGRARES.

# ACTIVIDADES

1. Que Academia estableceu o Día das Artes Galegas?

________________________________________

2. En que ano se celebrou por vez primeira o Día das Artes Galegas? Arrodea.

| 2023 | 2010 | 2015 | 2018 |
|---|---|---|---|

3. En que data celebramos o Día das Artes Galegas? Colorea.

**14 de abril** **25 de xullo**

**1 de maio** **1 de abril**

**17 de maio** **23 de febreiro**

4. En que cidade galega está o Pórtico da Gloria?

________________________________________

5. Este ano 2023 o Día das Artes Galegas está dedicado a un trobador vigués. Colorea o seu cadro.

**Afonso X O Sabio** **Roi Fernández**

**Don Dinís** **Martín Códax**

# PALABRAS CRUZADAS

Completa o dameiro usando as palabras relacionadas co Día das Artes Galegas que figuran no recadro.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **CASTELAO** | **SOTA** | **ABRIL** | **TROBADOR** | **CÓDAX** |
| **ANDRADE** | **SEOANE** | **LAXEIRO** | **VIGUÉS** | |



# O ENCRUCILLADO DAS ARTES

| | |
|---|---|
| 1 | D |
| 2 | Í |
| 3 | A |
| | |
| 4 | D |
| 5 | A |
| 6 | S |
| | |
| 7 | A |
| 8 | R |
| 9 | T |
| 10 | E |
| 11 | S |




1.- DEZ 2.- LINTEL 3.- ABRIL 4.- CÓDAX 5.- MALLO 6.- CASTELAO
7.- LAXEIRO 8.- XOGRAR 9.- SANTIAGO 10.- MATEO 11.- VIGUÉS

## HORIZONTAIS

1. Anos que teñen que pasar dende o pasamento á homenaxe
2. Peza do Pórtico onde está colocada a data de remate
3. Mes no que se celebra o Día das Artes Galegas
4. Apelidos do autor homenaxeado no Día das Artes. Martín...
5. Apelidos da única muller homenaxeada no Día das Artes
6. Apelido do primeiro homenaxeado
7. Pintor homenaxeado o pasado ano 2022
8. Artista que interpretaba obras dos trobadores
9. Cidade galega na que está o Pórtico da Gloria
10. Autor do Pórtico da Gloria
11. Persoa natural de Vigo, como Martín Códax

# EN QUE ANO?

Descubre en que ano foi homenaxeado cada artista e completa coa data.



# A CADA UN O SEU!

Segue o código e atopa o nome do autor ou autora de cada cadro. Colorea.

| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | C | E | I | L | M | N | O | R | S | T | U | X |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | 1 | 9 | 12 | 13 | 1 | | 6 | 1 | 5 | 5 | 8 |





| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | 1 | 13 | 3 | 4 | 9 | 8 |

| | | ´ | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | 12 | 4 | 10 | | 10 | 3 | 8 | 1 | 7 | 3 |





| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | 1 | 10 | 11 | 3 | 5 | 1 | 8 |

# MARTÍN CÓDÁX

Martín Códax foi un trobador ou xograr galego de entre mediados do século XIII e comezos do XIV do que pouco se sabe da súa biografía.
Suponse que naceu en Vigo, xa que se refire a esta cidade continuamente, unha cidade que está no Camiño Portugués a Santiago e pola que pasaban unha gran cantidade de peregrinos aos que trobadores, xograres, segreles, músicos ambulantes, ... amosaban os seus cantos.
Este trobador estivo na corte do rei Fernando III e seguramente tamén o seguiu nas súas expedicións por terras andaluzas.
A obra musical de Códax é a máis coñecida da lírica galaico portuguesa.
Da maioría dos restantes autores só coñecemos a letra das súas cantigas pero non a súa música. Coñecemos a música dalgunhas de Don Dinís, das Cantigas de Santa María, de Alfonso X O Sabio e de seis das sete cantigas de Martín Códax.
Este coñecemento débese a un comerciante de libros madrileño, Pedro Vindel, que descubriu un pergamiño coas partituras das obras de Martín Códax: o Pergamiño Vindel. Este achado tamén confirma a existencia de follas volandeiras, co texto e música das poesías, que os trobadores lles entregaban aos xograres para a súa interpretación.



Os trobadores compoñían as súas propias obras que despois eran interpretadas polos xograres.




Portada do Pergamiño Vindel, no que se recollen as partituras de seis cantigas de Martín Códax.

# ACTIVIDADES MARTÍN CÓDAX

1. Cal é o nome do homenaxeado no Día das Artes Galegas 2023?

---

2. Que tipo de artista era Martín Codax? Colorea.

**ESCULTOR** **TROBADOR**

**PINTOR**



3. De que localidade galega se supón que era Martín Códax? Arrodea.

| | | |
|---|---|---|
| **MONDOÑEDO** | **VIGO** | **VERÍN** |
| **CARTELLE** | **CALDAS DE REIS** | **CEDEIRA** |

4. Verdadeiro **V** ou falso **F** ? Completa.

☐ Martín Códax foi un trobador ou xograr galego.

☐ Naceu en Ourense, á beira do río Miño.

☐ O Camiño Portugués a Santiago pasa por Vigo.

☐ Martín Códax escribiu dezaoito ou dezanove cantigas.

☐ O Pergamiño Vindel descubriuno un libreiro de vello madrileño.

5. Saberás resolver este encrucillado relacionado con Martín Códax?




## HORIZONTAIS

1. Apelido dun trobador vigués, de nome Martín
2. Nome dun rei, autor das Cantigas de Santa María
3. Nome dun rei co que estivo Martín Codax, como trobador, nas súas expedicións por terras andaluzas
4. Cidade á que se dirixían o peregriños do Camiño Portugués ao seu paso por Vigo
5. Apelido do libreiro madrileño que descubriu un pergamiño coa música de seis cantigas de Martín Códax
6. Cidade na que se supón que naceu Martín Códax
7. Poeta da Idade Media que creaba composicións literarias e musicais destinadas a ser cantadas principalmente polos xograres
8. Número de cantigas escritas por Martín Códax

**HORIZONTAIS.** 1. CÓDAX 2. ALFONSO 3. FERNANDO 4. SANTIAGO 5. VINDEL 6. VIGO 7. TROBADOR 8. SETE

5. Completa o nome de cada un destes instrumentos musicais da Idade Media. Colorea.

**O LAÚDE     A CHIRIMIA     O SALTERIO     A ARPA**
**A ZANFONA     O RABEL     O TAMBOR**

A C _ _ R _ _ _ _





O _ _ _ D _

O _ _ _ _ E _ _ _





A _ _ _ _ _ N _

A _ _ P _





O _ _ _ _ L

O _ _ _ B _ _



6. O xogo dos instrumentos musicais. Como se xoga? Moi fácil. Colorea, recorta e monta o dado. Aprende o nome dos seis instrumentos, busca un compañeiro ou compañeira e... a xogar!



8. Que camiño terá que seguir Martín Códax para coller a súa zanfona? Conta de un en un, á dereita, á esquerda, arriba ou abaixo pero non en diagonal, ata chegar ao final. Colorea o camiño.



| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 7 | 8 | 10 | 6 |
| | | 6 | 3 | 5 | 9 | 7 | 4 | 9 |
| 4 | 2 | 5 | 4 | 4 | 6 | 8 | 1 | 10 |
| 13 | 7 | 6 | 9 | 10 | 9 | 11 | 3 | 13 |
| 18 | 8 | 7 | 8 | 9 | 10 | 19 | 20 | 17 |
| 7 | 3 | 17 | 9 | 12 | 11 | 18 | 21 | 22 |
| 10 | 36 | 16 | 14 | 13 | 14 | 17 | 18 | 23 |
| 36 | 35 | 34 | 33 | 16 | 15 | 16 | 25 | 24 |
| 12 | 36 | 31 | 32 | 31 | 32 | 27 | 26 | 27 |
| 38 | 37 | 38 | 41 | 30 | 29 | 28 | | |
| 42 | 40 | 39 | 40 | 41 | 42 | 43 | | |



9. Localiza nesta sopa de letras o nome destes seis instrumentos de música da Idade Media. Colorea.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| T | L | R | B | L | X | C | Z |
| V | M | A | Ñ | A | R | P | A |
| X | N | B | C | U | M | Z | N |
| G | F | E | B | D | V | M | F |
| S | A | L | T | E | R | I | O |
| Ñ | G | Z | M | C | L | Ñ | N |
| C | H | I | R | I | M | I | A |
| N | X | B | T | H | Q | Z | V |





ZANFONA



CHIRIMÍA



LAÚDE



ARPA



RABEL



SALTERIO

10. Escribe as letras que faltan e une cada palabra co instrumento que lle corresponde. Colorea os instrumentos segundo o código.

| vento ▶ vermello | corda ▶ azul | percusión ▶ verde |
|---|---|---|

Ch_r_m_a

Z_nf_n_

_rp_

L_úd_

R_b_l

S_lt_r_o

T_mb_r









# ONDAS DO MAR DE VIGO
## Martín Códax

Ondas do mar de Vigo,
se vistes meu amigo?
E ai Deus!, se virá cedo?

Ondas do mar levado,
se vistes meu amado?
E ai Deus!, se virá cedo?

Se vistes meu amigo,
o por quen eu suspiro?
E ai Deus!, se virá cedo?

Se vistes meu amado,
por quen ei gran coidado?
E ai Deus!, se virá cedo?






1. Completa o título desta cantiga de Martín Códax. Colorea.

**_ N D _ S   D _**

**M _ R   D _   V _ G _**



2. En que localidade galega está ambientada esta cantiga? Colorea o nome da localidade e a provincia.

**CEDEIRA**

**A CORUÑA**

**MUROS**

**VIGO**



3. Por quen agarda o protagonista da cantiga? Arrodea.

| | |
|---|---|
| **POLA SÚA NAI** | **POLO SEU CAN** |
| **POLO SEU CURMÁN** | **POLO SEU AMIGO** |

4. Une a palabra onda co seu significado.

**onda**

- Elevación producida polo vento na superficie do mar, dun lago, ...
- Peza de abrigo para a cabeza feita de pano ou la, xeralmente sen viseira.

5. Cal é a preocupación do protagonista? Arrodea.

**Se o seu amigo virá cedo.**

**Se chegará a tempo de coller o barco.**

**Se o seu amigo mercará o pan para a cea.**

**Se choverá pola tarde, despois de xantar.**

6. E que fai polo seu amigo? Arrodea.

| | |
|---|---|
| **Xoga** | **Corre** |
| **Suspira** | **Escribe** |
| **Bebe** | **Limpa** |
| **Cociña** | **Pinta** |

7. Completa a estrofa usando as seis palabras do recadro.

| |
|---|
| amigo cedo vistes Deus Ondas Vigo |

_________ do mar de _________,
se _________ meu _________?
E ai _________!, se virá _________?



8. Fai unha ilustración para esta estrofa dunha das cantigas de Martín Códax.



Treides comig' a lo mar de Vigo
e veeremos lo meu amigo.
E bannar nos emos nas ondas!

*Texto orixinal*

*Vinde comigo ao mar de Vigo*
*e veremos o meu amigo.*
*E bañarémonos nas ondas!*

*Texto adaptado*